

Co obxectivo de fomentar as iniciativas de protección do territorio, a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas–Betanzos, xunto coa Fundación Fragas do Mandeo, organiza a *VII Semana de Custodia do Territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo*, na que se desenvolverán conferencias e accións de voluntariado ambiental.

Esta sétima edición ten como eixo amosar tres facetas da biodiversidade da nosa bisbarra habitualmente pouco contempladas. Se queremos ser eficaces nas accións de conservación do patrimonio natural, precisamos coñecer detalladamente as especies, os hábitats e os procesos que o integran. Investigadores procedentes de distintos ámbitos van centrarse en tres aspectos tan importantes como concretos: a flora ameazada do litoral, a importancia da madeira morta no ciclo vital de numerosos organismos e a perda de biodiversidade que supón o tipo de explotación forestal máis frecuente.

Fragas do Mandeo é unha entidade de custodia do territorio non gobernamental e non lucrativa. Ten creado o fondo de conservación da natureza da comarca de As Mariñas, que lle permite adquirir fincas de interese ambiental para a protección a perpetuidade dos hábitats naturais. Deste xeito, cuida da paisaxe e dos bosques, asegurando un futuro para as especies de animais e plantas que conforman a biodiversidade destes ecosistemas.

A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas–Betanzos é unha organización sen ánimo de lucro constituída no ano 2008 coa finalidade de agrupar ás entidades interesadas en promover o desenvolvemento rural no territorio das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Xestiona actualmente o Programa LEADER 2014-2020 e acadou no ano 2013 a declaración de reserva da biosfera para a comarca.

XORNADA DE CHARLAS

SÁBADO 22-9-2018

## ***Olladas sobre a biodiversidade local que debemos custodiar***

Salón de plenos da Casa do Concello de Sada  
Avenida do Porto 24 (antigo edificio de Axudantía de Mariña)

### **Presentación** 9:30

D. Benito Portela, alcalde de Sada

D. José Antonio Santiso, presidente da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos

D. Fernando Bandín, presidente do padroado de Fragas do Mandeo

### **Oito anos custodiando en As Mariñas** 10:00

D. Fernando Bandín, presidente do padroado de Fragas do Mandeo

A través do balance anual das actuacións de custodia do territorio, podemos valorar os nosos avances e as dificultades na conservación do patrimonio natural da bisbarra. Grazas a voluntarios e doadores adquirimos montes para conservar as fragas, creamos microrreservas de flora e fauna, e apadriñamos tramos de ríos e de litoral nos que eliminamos especies exóticas invasoras e recollemos o lixo.

### **A flora litoral das Mariñas** 10:30

D<sup>ra</sup>. María Inmaculada Romero, profesora e investigadora da Universidade de Santiago

O borde litoral das Mariñas alberga unha flora especializada que se refuxia nas nosas praias, marismas e acantilados. Pero tamén acada a maior densidade de poboación humana da bisbarra. Isto implica unha gran presión sobre plantas ameazadas ou de distribución limitada que non poden vivir noutros hábitats. Coñecelas ben é un paso imprescindible para valoralas e conservar os seus hábitats.

### **Pausa** 11:30

### **Vida na madeira morta** 12:00

D. Pablo Torrella, director do Museo de Historia Natural de Ferrol

A concepción errónea de que a madeira morta nos bosques é inútil, leva a considerala como un mero agravante dos riscos no caso de incendio. Pola contra, o volume de madeira morta nunha fraga é unha medida da súa biodiversidade, pois dela depende o ciclo vital de innumerables organismos, tal como este naturalista especializado nos escaravellos que se alimentan dela nos vai amosar.

### **A mingua de biodiversidade nos eucaliptais** 13:00

D<sup>a</sup>. Sandra Goded, investigadora e fundadora de Quercus Sonora

O coñecemento detallado dos hábitats é fundamental na planificación territorial. Os eucaliptais do noso país albergan menos biodiversidade que as fragas, debido a que as especies autóctonas non puideron adaptarse evolutivamente a eles. A recente tese doutoral desta investigadora demostra cuantitativamente esta diminución, moito máis grave que noutros tipos de explotación do territorio.

ECO-REGATA NA RÍA DE BETANZOS

SÁBADO 15-9-2018

## **Competición lúdica de embarcacións recollendo lixo na xunqueira**

Nesta quinta edición continuaremos a limpeza onde rematamos o ano pasado. Aínda queda unha ducia de rodas de camión e numerosos refugallos de todo tipo. Non competiremos por ser o máis veloz: a rivalidade será por coidar a ría. As embarcacións partirán de Betanzos cos equipos participantes para desembarcar nas proximidades do pazo de Mariñán. Un equipo recollerá as rodas; os demais loitarán por ver cal é o que máis lixo recolle e o que atopa o residuo máis singular. Xuntarémonos ás 16:00 da tarde para embarcar no porto de Betanzos, onde á volta haberá comida e bebida para os voluntarios. Colabora o Concello de Bergondo e as asociacións ARBE, Ría do Pedrido, Lar de Unta, Roxín Roxal e Casa Castillo.

Ponte en contacto connosco se desexas participar, aínda que non teñas lancha.

XORNADA DE VOLUNTARIADO

DOMINGO 16-9-2018

## **Eliminación de invasoras no río Mandeo**

As especies exóticas invasoras están consideradas a segunda causa en importancia de perda de biodiversidade global. O río Mandeo non é alleo a este problema, pois padéceo con intensidade no seu curso inferior. No tramo de 6 km que apadriñamos dende 2014 temos eliminado até 14 especies exóticas. Nesta xornada eliminaremos un dos dous focos de tradescantia que quedan nel. Situado nas proximidades da minicentral do Zarzo, ameaza con estender río abaixo esta planta de orixe sudamericana. Soamente a través de accións de voluntariado continuadas lograremos impedir que as especies exóticas deterioreen o hábitat ripario. Contamos cos permisos necesarios para eliminar invasoras.

Ponte en contacto connosco se queres participar.

XORNADA DE VOLUNTARIADO

DOMINGO 23-9-2018

## **Limpeza simultánea dos ríos galegos**

Celébrase o mesmo día en ríos de toda Galicia coordinada polo Proxecto Ríos, pero nós adiantámola por razóns organizativas. O ano pasado participamos 936 persoas de 70 entidades, retirando preto de 11 toneladas de refugallos en 51 concellos. Invitámosche a participar nesta undécima edición para recoller todo o lixo que atopemos e arrincar algunhas invasoras no tramo inferior do río Lambre. Será unha ruta matinal de 3,5 km dende a desembocadura do rego do Anido ate a ponte do ferrocarril, a través dun bosque diverso que está sufrindo un proceso de deterioro progresivo. Se queremos preservalo, temos que comprometernos na súa conservación. De haber xente dabondo, cubriremos tamén toda a súa marisma.

Ponte en contacto connosco se queres participar.

## INDIQUE A ACTIVIDADE NA QUE DESEXA INSCRIBIRSE

- Día 15. Eco-regata na ría de Betanzos
- Día 16. Voluntariado na eliminación de especies invasoras
- Día 22. Xornada *Olladas sobre a biodiversidade local*
- Día 23. Voluntariado na limpeza simultánea de ríos

Apelidos e nome: .....

.....

DNI: .....

Localidade: .....

Teléfono fixo: .....

Teléfono móbil: .....

Profesión: .....

Institución ou entidade: .....

.....

Correo electrónico: .....

**Prazas limitadas. Reserva praza enviando o boletín de inscrición a:**

**correo@fragasdomandeo.org**

**Tel.: 981 105 903**

Non esquezas cancelar a túa reserva no caso de non poder participar nas accións de voluntariado: así nos aforras gastos nos seguros.

Conforme á LOPD, a información recollida relacionada cos datos de carácter persoal non será utilizada para fins que non sexan os estritamente vinculados ao seu cometido, engadindo ademais a absoluta confidencialidade e exclusividade, quedando prohibida a calquera persoa a súa revelación, copia, distribución ou exercicio relacionado co seu contido.

A custodia do territorio é unha fórmula de actuación na que os propietarios e mailos usuarios do territorio implícanse na conservación e no uso dos valores e dos recursos naturais, culturais e paisaxísticos.

A Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, declarada en maio de 2013, ten como obxectivo compatibilizar a conservación dos espazos naturais máis valiosos do territorio co desenvolvemento sostible.



### FRAGAS DO MANDEO

Lg. Vilar de Costoa nº 123; 15380 Oza-Cesuras

Tel.: 981 105 903

correo@fragasdomandeo.org

www.fragasdomandeo.org

www.facebook.com/voluntariadomandeo

### ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS

San Marcos s/n; 15318 Abegondo

Tel.: 981 669 541

info@marinasbetanzos.gal

www.marinasbetanzos.gal

## Olladas sobre a biodiversidade local que debemos custodiar

Do 15 ó 23 de setembro de 2018

VII SEMANA DE CUSTODIA DO TERRITORIO NAS MARIÑAS CORUÑESAS  
E TERRAS DO MANDEO

